



Piragüismo Illa de Arousa

DATOS XERAIS DO CLUBE

PRESIDENTE

D. CARLOS AGRA PAZ

V. PRESIDENTE

D. CARLOS PARADA SANTIAGO

SECRETARIA

D. MARIA CASTRO NINE

TESORERA

D. DOLORES CORES VAZQUEZ

ENTRENADOR JEFE

D. ARTURO PAZ DIOS

MONITORES

D. LUCIA VIDAL DACOSTA
D. MARTA IGLESIAS POUSO

DIRECCION

C/ Bao sn Illa de Arousa 36626
Tlf. 625336323—24
Mail piragüilla@airtel.net

AFILIACIONES

Federación Galega de piragüismo
c/ Italia, 35 Monteporreiro 36162 Pontevedra
Tlf. 986842106 fax. 986851108

Federación Española de piragüismo
c/. Anracita, 7-3º 28045 Madrid
Tlf. 915064300 Fax. 915064304

MEMORIA DA TEMPORADA 2001/2002

Pasou un ano máis dende que se conseguiron unha serie de obxetivos e ilusións e outras quedaron apiques de se conseguir.

Este ano tiñamos varios obxetivos deportivos (liga nacional e liga autonómica, e a organización dunha regata de infantis da liga Galega).

Na copa Xunta de Galicia na que se suman os puntos das oito regatas de infantis máis as catorce mellores clasificacións das vinte regatas de pista e ríos, acadamos a **novena posición**.

As clasificacións nas diferentes ligas foron as seguintes, en **infantis cuartos**, na liga de **pista no posto vintedous**, e en **ríos octavos**. Outras ligas de menor relevancia pero que teñen tamen o seu interes, e nas cales participamos foron a liga de **kayac de mar**, que dando clasificados en **oitava posición** e tamén a **liga provincial** quedando en **cuarta posición**.

LIGA DE PISTA

A liga de pista non foi este ano un dos nosos principais obxetivos xa que non tiñamos un equipo de garantías para afrontala, pero si que algunha das regatas que compoñen esta liga entraban dentro dos nosos obxetivos.

Enpezou a tempada co campionato galego de inverno en Portodemouros, no que acadamos a 11 posición por clubes, e anivel individual destacaron a **k-1 dama señor Dolores Cores cun 3º posto** e **Andre oliveira cun 3º posto no k-1 senior**.

Asegunda regata foi o campionato de España de inverno celebrado en Sevilla a onde por diferentes motivos persoais so participou un palista Ramon Ferro acadando 7º posición no C1 senior, e quedando por clubes no posto 16.

A terceira e cuarta regatas foron as nacionais sobre mil e quinientos metros, en Arzua participaron 12 palistas deste clube en cada unha destas probas , acadaronse sete finais tamen en cada unha das probas e rozouse o podium en algunha delas, a posición por clubes foi 10º en mil e de 11º nos quinientos as mellores clasificacións individuais a 5º de Ramon Ferro no C1 senior e Andre no K1 senior, repetindo a mesma nas dúas regatas.

A cuarta regata foi o master galego o que acudimos so con 6 palistas xa que se celebraba en Valladolid o campionato de España de maratón o que acudiron 5 palistas, a clasificación neste master señor foi satisfactoria acadando catro finais e por clubes quedando na posición 16º.

Que dabanos a ultima regata na que participaríamos neste gran premio de pista, que era o Campeonato Galego de pista pa senior, no que acadamos o posto 21 con 6 palistas.

Acontinuación viñeron unhas probas as cales non acudimos porque non eran obxetivos prioritarios dentro do noso calendario xa de porsí moi cargado, Master de España, C.G.P.junior e cadete, C.E.P.junior e cadete, C.E.P. senior, catro regatas nas cales non puntuabamos e que facían que a clasificación final nesta liga de pista non fose boa .

VII GRAN PREMIO DE PROMOCIÓN

Este ano un dos obxetivos principais era mellorar a cantidade e calidade dos infantís e así mesmo a aclasificación, xa que levavamos uns anos un pouco floxos quizáis debido a saturación dos técnicos con tanta actividade, haber deixado as ligas masculina e feminina de kaiac polo iba a facer que tiberan mellor e maior atención.



A cousa foi moito mellor subimos o podium por equipos en varias ocasións e acadamos unha clasificación final 4º, en esta liga tan disputada e difícil, a nivel individual tivemos varios galardonados e incluso incluídos en concentracións nacionais de infantís.

A primeira regata foi no Grove onde acudimos con algunhas baixas, pero acadamos un meritorio 5º posición con nove palistas.

A segunda regata foi en Lugo onde acudimos con 13 palistas acadando a 3º posición por clubes, e onde xa quedaron 3 rapaces en cuarta posición.

A terceira regata xogabamos na casa xa que se organizou na Illa de Arousa participamos con 16 palistas, repetindo o 3º posto acadado en Lugo, e a nivel individual seguía resistíndose o podium.

Nas seguintes catro regatas entrarían en danza os alevíns, estivemos movendo 24,25,27,29 respectivamente a Viveiro, Serra Outes, Miño, Muiños, quedando clasificados en 5,4,6,6.

E individualmente subiron o podium **Carlos Agra infantil B C1 en varias ocasións na terceira posición**, **Leopoldo un alevín tamén terceiro**, e algúns rapaces máis rozando os postos de podium.

A última regata celebrouse en portodemouros a que acudimos con 16 infantís e na cal acadamos un 3º posto final co que despediamos a temporada cunha gran alegría.

VII GRAN PREMIO DE RIOS E TRAVESIAS

A liga de Rios e Travesias era un ano mais o noso obxectivo e onde tiñamos a posibilidade de facer unha mellor clasificación. Constaba de 10 regatas das cales o final conseguimos situarnos na oitava posición, este posto podía ser mellor de non ser por que algunha destas provas coincidían coas da liga Nacional de Rios polo que tiñamos que dividir o grupo para octar a unha boa clasificación nas dúas ligas.

A primeira regata competimos con 11 palistas en Ferrol cunha participación de equipos de toda España, quedando no posto 15 por clubs, e a mellor clasificación individual foi, **2º posto de Ramon Ferro en C1 senior.**

A segunda regata foi o descenso do Miño de Lugo, onde acudiamos con 9 palistas, prova que coincidía cunha regata de maratón nacional a que acudiron varios representantes deste clube. A posición por clubs foi moi boa quedando en duodécima posición, sendo a **3º posición de Nuria Santiago no k1 dama senior a actuación máis destacada.**

A terceira regata foi o descenso dende os Peares ata Ourense, acudiamos en esta ocasión con 11 palistas, tendo como mellor actuación individual a **2º posición de Felipe Marques no k1 senior, quedando por clubs no posto oitavo.**

A cuarta regata transcurriu entre Portas e Rivadumia, descenso do Umia, participamos con 13 palistas, quedando por na 10 posición por clubs.

A quinta regata foi en Outes coa participación 13 palistas e de equipos de toda España, a posición por clubs foi de 13, e a mellor clasificación individual foi a **segunda posición de Beatriz Gomez no k1 dama senior.**

A sexta regata transcurria dende Pontecesures ata Catoira, cunha participación de 10 palistas e unha 14º clasificación por clubs.

A sétima regata sería o Príncipe de Asturias entre Portonovo e Pontevedra, regata de participación nacional na que acudimos con 12 palistas, acadamos unha máis que meritoria **5º plaza por clubs, acadando tamen a segunda posición no k4 dama senior composto por Nuria Santiago-Elvira Suarez –Maria Castro-Beatriz Gomez.**

A oitava regata foi o descenso do Miño de Tuy, acudimos a esta regata con 14 palistas tendo coma posto máis destacado a nivel individual a **Beatriz gomez gañando o k1 dama senior,** quedando por clubs no posto 9º.

A novena regata foi xa en setembro caseque rematando a tempada, o lugar elegido foi o descenso do río Eume, participamos con 10 palistas quedando no posto oitavo por clubs, e tendo coma actuación máis destacada a **C1 de Ramon Ferro na primeira posición.**

A última regata foi o descenso do Río Sil no Varco de Valedoras, acudiamos cun so palista e acadabamos a posición 23 por clubs

I LIGA NACIONAL DE PIRAGÜISMO

A I liga Nacional de Piragüismo Hernando Calleja ten un formato similar o da liga galega estos últimos anos, esta liga nacional consta de 8 regatas de Rios e travesias, 8 regatas de pista, e catro de infantis. Esta liga era un obxectivo secundario, por que o calendario galego xa estaba demasiado cargado coma pa meternos en outras guerras, e por outra parte non tiñamos minbres suficientes para afrontar as duas ligas, pero a medida que foi avanzando a tempada foise facendo cada vez máis importante. Para a puntuación final sumarianse as catro regatas de infantiles mais as oito regatas ou de pista ou de rios, o noso clube o final decidiuse pola de rios.

LIGA NACIONAL DE RIOS E TRAVESIAS

En esta liga de Rios acadamos unha decimo segunda clasificación final, de 107 clubs participantes.

A primeira regata a que asistimos foi o descenso dos Esturions en Sevilla, cun palista senior que acadou a cuarta posición, acadando por clubes a vigesimo sexta praza.

A segunda regata foi en Ferrol a que acudimos con 11 palistas obtendo coma mellor clasificación individual un segundo posto na C1 senior de Ramon Ferro, e un posto 18 por clubes.

A terceira competición a copa de España de maratón en Valladolid onde acudiamos cun obxectivo principal que era acadar un posto entre os primeiros clasificados por parte de Ramon Ferro no C1 senior para poder ser incluído no equipo nacional de maratón, este obxectivo foi alcanzado o acadar o cuarto posto, que lle abría as portas o equipo nacional, ademáis del forondous kayakistas senior, o puesto por clubes foi o 25.

A cuarta regata celebrouse en Aranzuez a que acudimos cun so palista, acadamos o posto 41 por clubes.

A quinta regata foi en Galicia e máis concretamente en Serra de Outes, acudimos con 13 palistas a mellor clasificación individual correu a cargo de Beatriz Gomez quedando na segunda posición, mentras que por clubes o posto foi 15.

A sexta regata foi o campeonato de España de Maratón en Miranda de Ebro (Burgos). Acudimos con 5 palistas acadando un subcampeonato a nivel individual na persoa de Beatriz Gomez, así como un 13 posto por clubes.

A sétima regata foi en Irán, a cal non asistimos.

E a oitaba e última foi o Príncipe de Asturias onde acadamos un subcampeonato co k-4 dama senior e a mellor clasificación da temporada cun 5º posto por clubes.

LIGA NACIONAL DE PROMOCION

A liga de promoción nacional era un dos nosos obxetivos o principio da temporada, as expectativas eran boas, e a medida que avanzaba a temporada cumpriáanse esas expectativas.

A primeira prova fariase en Valladolid, a que acudíamos con 12 palistas e acadabamos unha clasificación por clubs no posto 14º, a nivel individual varios cuartos puestos.

A segunda regata fariase en Ribadesella, (Asturias). Participamos con 14 palistas, dos cales entraron en control puntuable once, a clasificación por clubs foi no posto 7º, a nivel individual tívemos un 3º posto na C1 infantil B Carlos Agra.

A terceira regata celebrábase en Zamora, participamos con 15 palistas, quedamos clasificados por clubs no posto 8º.

A cuarta e última regata de infantís foi en Portodemouros, a cal acudimos con 17 palistas, o posto por clubs foi o 5º co que despedimos esta liga cunha moi boa actuación.

Quedando clasificados o final desta liga de infantís na 8º plaza.

Na suma total entre as catro regatas de infantís e as oito de ríos, acadamos a décimo octava posición de 139 clubs de toda España.

Piragüismo Illa de Arousa

COMPETICIONS AMISTOSAS

Unha das competicións amistosas de mais prestixio do mundo e o **Descenso do Sella**, no cal estivemos presentes con dúas embarcacións, unha delas foi a **palista senior deste clube Beatriz Gomez** que gañou o **k1 absoluto en damas do descenso internacional do Sella**.

Outras regatas amistosas foron:

- Copa Miño en k4 en Lugo
- Descenso do Tambre
- Descenso do Miño de Salvaterra ata Caldelas
- Betanzos
- Puebla de Sanabria
- Infantis en Cambados
- Infantis no Tambre

PARTICIPACIÓN DE PALISTAS DESTE CLUBE EN CAMPIONATOS DO MUNDO

Un dos obxetivos do club a principio de temporada, era ter algun deportista participando en algun dos diferentes campeonatos do mundo, o primeiro obxectivo era entrar a formar parte do equipo nacional e posteriormente ser seleccionado para dito campionato.

Ramon Ferro conseguiu entrar no equipo de maratón un ano máis, o ano anterior estivo as portas do mundial, pero este ano acudeu a el por dereito propio, facendo C2 senior en compañía de Oscar Graña que representarian a España no mundial que se celebrou finalmente en Zamora a finais de setembro, despois de aplazarse en checoslovaquia, polas terribles inundacións que sufriu dito país. A distancia a percorrer era de 36km e 3 porteos de 200m.

A participación non foi testimonial tendo en conta a idade de Ramon e Oscar, a pouca experiencia internacional, e o descoñecemento do nivel dos seus rivais.

O día da regata estaban moi tranquilos e saíron a por todas, ante un público moi numeroso segun a prensa zamorana **20.000 persoas, que animaban o combinado Español**, estiveron no grupo de cabeza durante 16 km, tendo que ceder dese grupo polo forte ritmo imposto e por as artimañas dos máis veteranos, o **5º posto final foi excelente**.

Ase mesmo Ramon e Oscar participaron co equipo Español no maratón internacional de Crestuma, en (Oporto), quedando na primeira posición.

Ademais de Ramon participou neste mundial de maratón, a palista pertencente a este club Beatriz Gomez formando parte do equipo nacional de Portugal e quedando nunha magnífica cuarta posición que a deixaba as portas do podium.

A última presenza en un mundial por este ano foi en Sevilla no mundial de velocidade, o palista deste club